

Descubrimentos e Inventos



Proxecto Documental Integrado
coordinado pola biblioteca escolar
IV Concurso de Traballos por Proxectos

IES Castro Aobre
Vilagarcía de Arousa
Curso 2016-2017



Índice

1. INTRODUCCIÓN	2
1.1. Xustificación do proxecto	2
1.2. Obxectivos	3
1.3. Contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave	4
1.4. Calendario e organización das tarefas previstas	6
1.5. Alumnado e profesorado participante	9
2. TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA.....	9
3. DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.....	10
4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO	11
5. RELACIÓN DE TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO	11
6. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES DE CONSULTA	12
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA	13
8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	13
9. AVALIACIÓN.....	13
10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....	14

1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Documental Integrado coordinado pola biblioteca escolar xorde da necesidade de implicar a todos os departamentos no desenvolvemento dun único tema, enfocado desde perspectivas diferentes. É unha grande oportunidade de involucrar ao profesorado no traballo por proxectos, introducindo así esta metodoloxía nas aulas. Ademais, consideramos importante fomentar o traballo colaborativo e desenvolver as habilidades e destrezas do alumnado no campo da Alfabetización Informacional, que lle axuden a acadar as competencias clave, utilizando a biblioteca escolar como fonte de recursos para obter a información e como espazo no que desenvolver estes proxectos.

A biblioteca asome o papel de centro difusor de ideas, poñendo en funcionamento todas as canles ao seu alcance para publicitar o proxecto (Claustro, Consello Escolar, Comisión de Coordinación Pedagóxica, familias, alumnado), desenvolvendo actividades para dar a coñecer diferentes aspectos do tema elixido e converténdose en lugar de información e elaboración dos produtos finais.

Nun centro de 64 profesores e profesoras e 775 estudantes plantexámonos, cada ano, esta idea como un reto difícil de acadar. O feito de que se vincule o proxecto aos contidos curriculares das diferentes materias preséntase, a priori, como un impedimento á hora de sumarse a esta iniciativa. Porén, a implicación dos Departamentos foi, unha vez máis, sorprendente, chegando a un 94'4% de participación.

1.1. Xustificación do proxecto

No mundo globalizado actual, no que as novas tecnoloxías e os seus avances acaparan toda a nosa atención, pretendemos facer unha revisión daqueles descubrimentos e inventos integrados totalmente na nosa sociedade e que, no seu momento, supuxeron unha revolución e cambios importantes, tanto na vida dos homes e mulleres daqueles tempos, como nas civilizacións posteriores.

Partindo de preguntas como “*Que sería da nosa vida sen...?*”, queremos que o alumnado sexa consciente de que a sociedade actual é o resultado do

talento creador de persoas que adicaron a súa vida ao estudo e, nalgúns casos, tiveron que afrontar críticas, falta de confianza, falta de apoios, persecucións, etc. Queremos destacar, tamén, a existencia e importancia de mulleres descubridoras e inventoras e que o alumnado reflexione sobre a débeda da sociedade actual coas civilizacións anteriores. Por último, pretendemos fomentar a capacidade creativa do alumnado e ofrecerlle a posibilidade de que descubra novas formas de expresión artística.

1.2. Obxectivos

1. Establecer a diferenza entre *descubrir* e *inventar*.
2. Dar a coñecer os descubrimentos e inventos que contribuíron ao progreso da civilización.
3. Encadrar descubrimentos e inventos na época histórica correspondente.
4. Coñecer a época histórica e as circunstancias persoais e sociais dos descubridores/as e inventores/as.
5. Observar a mellora que sufriron os inventos.
6. Coñecer a construción e os mecanismos de funcionamento de determinados inventos.
7. Ser conscientes dos cambios que supuxeron para a vida cotiá da sociedade.
8. Destacar a importancia das mulleres no mundo da invención.
9. Contribuír á Alfabetización Informacional.
10. Fomentar a creatividade.
11. Incentivar a curiosidade.
12. Descubrir novas técnicas artísticas.
13. Fomentar o espírito colaborativo.
14. Elaborar murais e maquetas que reproduzan algún invento ou descubrimento.
15. Promover o uso das ferramentas da web 2.0 na elaboración do produto final.

1.3. Contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

Todos os Departamentos, que desenvolveron algún aspecto do proxecto, traballaron contidos curriculares que avaliaron uns, mediante rúbricas e outros, asignándolles unha porcentaxe.

[Contidos, criterios, estándares, competencias](#)

Presentamos, a continuación, o título dos traballos realizados por cada Departamento coa ligazón na que se pode consultar toda a información:

- [Departamento de Bioloxía](#)
 - Descubriendo o ADN (4º ESO)
 - Descubre os felices anos 20 (4º ESO)
 - Descubrimentos que curan (1º de bacharelato de Cultura Científica)
- [Departamento de Economía](#)
 - Descubrimentos económicos (4º ESO A, C, D)
- [Departamento de Educación Física](#)
 - Os inventos deportivos (4º ESO)
- [Departamento de Educación Plástica e Visual](#)
 - O invento da bombilla (1º ESO B)
 - Os tipos da imprenta de Gutenberg (1º bacharelato B, C e D de Volume)
 - A imprenta de Gutenberg (2º bach. A, B, C e D de Técnicas gráfico-plásticas)
 - O cine, unha película da biblioteca (2º bach. A, C e D de Imaxe e Son)
- [Departamento de Filosofía](#)
 - Turing e os inicios oficiais da intelixencia artificial (1º bacharelato)
- [Departamento de Física](#)
 - Inventos (3º ESO)
 - Inventos e inventores (3º PMAR)
- [Departamento de Francés](#)
 - À la découverte du génie français (1º, 2º e 3º ESO)
- [Departamento de Grego](#)
 - Inventores e inventos en la mitología griega (1º bacharelato C)
- [Departamento de Inglés](#)
 - Discoveries and inventions (2º ESO Específico)
- [Departamento de Latín](#)
 - Inventos do mundo clásico (3º ESO A, B, C, D)

- [Departamento de Lingua Castelá](#)
 - Julio Verne (1º ESO C)
 - Julio Verne, un adelantado a su época (2º ESO E)
 - Inventos y descubrimientos (3º ESO C)
 - Lenguas para cine y literatura (4º ESO C)
 - Robótica literaria (1º bacharelato)
- [Departamento de Lingua Galega](#)
 - Descubríndonos: inventos da vida cotiá. Recreación literaria (1º e 3º ESO)
- [Departamento de Matemáticas](#)
 - Os reloxos a través do tempo (1º, 2º, 3º e 4º ESO e 1º bacharelato)
- [Departamento Música](#)
 - Instrumentos musicais inventados no século XX. As mulleres na música electrónica (4º ESO)
- [Departamento de Tecnoloxía](#)
 - As mulleres e a informática (4º ESO A, C)
 - Historia da informática (4º ESO A, B)
 - Evolución histórica da tecnoloxía (4º ESO)
- [Departamento de Xeografía e Historia](#)
 - Os inventos da Idade Media (2º ESO)
 - Exploradores (4º ESO)
- [Ciclo de Coidados auxiliares de Enfermaría](#)
 - Información sobre a Biopsia líquida
- [Ambito lingüístico-científico](#)
 - Nós tamén somos Da Vinci (2º ESO Específico)

As competencias clave que se traballaron neste proxecto foron:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Cada Departamento cubriu unha táboa de valoración das competencias desenvolvidas xunto a un resumo do traballo elaborado, segundo se especifica na seguinte ligazón:

[Competencias clave](#)

1.4. Calendario e organización das tarefas previstas

Organizamos as actividades previstas por trimestres:

Primeiro trimestre: planificación, elaboración, difusión e actividades

- Elaboración das liñas básicas do [Proxecto](#): xustificación, obxectivos, desenvolvemento, actividades e avaliación.
- Presentación deste documento no Claustro, na CCP e no Consello Escolar.
- Entrega do [calendario](#) aos Departamentos coas datas de reserva da biblioteca para desenvolver o PDI e explicación dos [datos](#) que se solicitan unha vez rematado o proxecto.
- Campañas publicitarias *Descubre, Inventa Crea e Descubre a imaxinación*.
- Información ás familias na primeira reunión coas titorías mediante a entrega dun boletín informativo da biblioteca.
- Información ao alumnado de 1º ESO e Ciclo formativo na Formación de usuarios e usuarias.
- Confección e exposición de crebacabezas con inventos elaborados polo alumnado de 1º ESO na formación de usuarios e usuarias, impartida pola biblioteca.
- Exposición de libros na biblioteca relacionados co tema, compra de nova bibliografía e envío destes recursos ao profesorado por correo electrónico.
- Inicio da elaboración dos proxectos.
- Convocatoria do concurso [Un invento, unha historia](#). Unindo o noso proxecto coa fotografía, plantexamos este concurso para que o alumnado amosase as súas dotes de creatividade literaria, a súa orixinalidade e a súa capacidade de contar unha historia a partir dun invento cotián.

- Celebración do [*Día do Inventor e da Inventora*](#).
- [*Exposición de inventos*](#), que nos permitiu achegar ao alumnado obxectos de uso cotián e os seus inventores ou inventoras. Todo isto presidido pola figura de Edison e unha instalación de bombillas.
- [*Descubre ás mulleres*](#). Tendo como referencia un dos obxectivos, *destacar a importancia das mulleres no mundo da invención*, consideramos necesario facer unha selección de mulleres que destacaran como descubridoras e inventoras. Por isto, plantexamos un concurso no que o alumnado tiña que averiguar quen era a muller da imaxe, que publicitábase, e a que se adicaba. Tamén celebramos o [*Día Internacional da muller e da nena na ciencia*](#).
- Visita ao Centro Saiar ([*Descubre unha nova forma de aprender*](#)) no que o alumnado de 2º ESO Específico e 3º PMAR participou nun obradoiro de encuadernación e cestería.

Segundo trimestre: DescuBinventos. Desenvolvemento do proxecto

- Presentación nunha CCP, por parte dos xefes e xefas de Departamento que así o solicitasen, dos proxectos previamente acordados en reunión para traballar ao longo do curso. A información debía incluír o título do proxecto e os niveis e grupos aos que estaba dirixido.
- Desenvolvemento do PDI polos Departamentos.
- Creación dun [blog](#) para aloxar toda a documentación e todas as actividades relacionadas co proxecto.
- Visita do biólogo e investigador [Xurxo Mariño](#), para manter un encontro co alumnado de 1º de bacharelato. Esta actividade foi organizada en colaboración co equipo de Normalización Lingüística.
- Decoración das escaleiras de subida con cadros e inventos que reflicten distintos períodos históricos, mesturando o mundo das artes co mundo da invención.
- Concurso destinado ao alumnado, [DescuBinventos](#). Durante oito semanas, o alumnado participante tivo que buscar información tanto na biblioteca como no material elaborado polo Equipo. Convertemos, así, este espazo lector no punto de saída e chegada da proba e no centro neuráxico da información.

- Conmemoración do Día da Muller Traballadora (8 de marzo). Este día lembramos a un grupiño de [*Investigadoras en defensa da igualdade*](#).
- [*Ti colaboras, Ti investigas*](#), lema co que a biblioteca decidiu promover unha campaña de recollida de fondos a favor de Oncomet. Informamos, previamente, desta actividade a todos os membros da comunidade educativa, dándolles a coñecer a xustificación, obxectivos e actividades previstas.
- [*Descubre as artes*](#). Elaboración de documentos e planificación de actividades que permitiron ao alumnado descubrir diferentes formas de creación artística. A medida que o proxecto avanzaba, ía adquirindo vida propia e abrindo todo un horizonte de posibilidades entorno ao termo *descubrir*. Esta palabra era o vínculo perfecto entre o noso proxecto (fomentar a creatividade, incentivar a curiosidade, descubrir novas técnicas artísticas) e o tema proposto pola Asesoría de bibliotecas escolares para este curso. Así, descubrimos a literatura, os sons da natureza, a música e as artes.

Ademais, o noso empeño por visibilizar á muller permitíanos destacar especialmente a escritoras, cantantes, pintoras, escultoras, etc. Obxectivo primordial do noso traballo é que o alumnado debe coñecer, recoñecer e valorar o papel destacado das mulleres na sociedade e ser conscientes da súa valía profesional.

Terceiro trimestre: *Descubre a imaxinación*. Análise e valoración

- Remate do PDI polos Departamentos.
- Continuidade de *Descubre as artes*.
- Presencia do proxecto *Descubrimientos e Inventos* nas Letras no Aobre, celebración conxunta do Día do Libro e o Día das Letras Galegas. A [*Feira Humanística*](#) permitiunos ambientar algúns espazos co material elaborado para o noso proxecto. As actividades que promoveu ou nas que participou a biblioteca foron:
 - Scriptorium
 - Intercambio de libros
 - Foto como Leonardo da Vinci ou o Home de Vitrubio a cambio dunha doazón para Save the Children

- Obradoiro de Ilustración a cargo de Kiko da Silva (dentro da semana adicada a Descubre as artes)
- Valoración, a cargo do equipo da biblioteca, dos proxectos expostos ao longo do curso e publicación, no blog, das clases ou grupos gañadores do concurso [*Descubre a imaxinación*](#). Entregouse un premio en cada unha destas categorías, no festival de fin de curso:
 - Mellor proxecto mural
 - Mellor maqueta
 - Mellor proxecto en soporte dixital: páxina web, vídeo.

1.5. Alumnado e profesorado participante

Os Departamentos que desenvolveron algún aspecto do Proxecto Documental Integrado foron practicamente todos, un 94'4%. Esta porcentaxe baixa se contabilizamos o profesorado, entorno a un 60%. Atopámonos que nalgún departamento se implican todos os profesores e profesoras pero, noutros, só algún dos membros.

O alumnado de ESO e Ciclo traballou na súa totalidade, nalgunha ou en varias materias, o proxecto. En 1º de bacharelato a participación ronda o 60% e en 2º de bacharelato só dúas materias realizaron algún traballo. No cómputo global, aproximadamente o 80% do alumnado participou no proxecto da biblioteca.

Valoramos moi positivamente estes datos, tanto os parciais como os globais, porque amosan unha implicación importante de profesorado e alumnado.

2. TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA

O proxecto coordinado polo Equipo de biblioteca foi *Descubrimientos e Inventos*. Esta decisión foi tomada polo Equipo da biblioteca, previa petición de suxestións aos Departamentos.

O obxectivo principal desta elección foi concienciar ao alumnado da importancia que tiveron os descubrimentos e inventos, ao longo da historia, para o progreso da sociedade. Parecía imprescindible darlle a coñecer a orixe e evolución dos obxectos, instrumentos, aparatos ou avances científicos e tecnolóxicos dos que hoxe dispoñemos, sen preguntarnos en que momento

xordiron, cal era a situación dos homes e mulleres ata o momento da súa aparición e como foron mellorando a vida das persoas.

3. DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O proxecto da biblioteca ten o seu inicio ao final do curso 2015-2016. Elixido o tema en reunión de Equipo, xa se adianta a proposta no Claustro de final de curso. O obxectivo é que todos os Departamentos o teñan en conta para a súa inclusión na programación do novo curso e para que vaian seleccionando os contidos curriculares nos que o poidan traballar, acadando, así, un maior aproveitamento educativo.

Iniciado o curso escolar, recordamos o tema no primeiro Claustro e xustificamos a nosa elección, valorando que sexa un tema atractivo, interesante e motivador para alumnado e profesorado, que se poida abordar desde todos os Departamentos e con múltiples enfoques e que se poida vincular coa sociedade actual, visibilizando sempre ás mulleres.

Informamos, tamén, na Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunión na que adoitamos explicar polo miúdo o proxecto e solicitar os datos que se nos deben enviar unha vez rematada a tarefa. Facemos aos Departamentos suxestións de temas relacionados con descubrimentos (xeográficos, históricos, científicos) e inventos, ofrecendo algúns exemplos: “Do papiro ao libro electrónico”, “Da pluma ao ordenador”, “Do ábaco á calculadora”, “Inventos de uso cotián: calculadora, bolígrafo, teléfono,...”, “Do fonógrafo ao CD”, “Ciencia vs. relixión”, “Mulleres inventoras/descubridoras”. Tamén, se ofrece a posibilidade de que sexa o propio grupo/clase o encargado de crear os seus propios inventos. Por último, plantexamos o tema no Consello Escolar e comunicámosllo ás familias.

As reunións semanais do Equipo da biblioteca son o laboratorio de ideas no que imos deseñando as actividades e elaborando as campañas publicitarias. Comezamos cuns lemas cargados de significado: [*Descubre a imaxinación*](#) e [*Descubre, Inventa, Crea*](#), que van dando a coñecer o proxecto. Paulatinamente, as distintas actividades de *Descubrimentos e Inventos* van invadindo os espazos máis visibles do centro, deixando a súa pegada por corredores, escaleiras e recunchos.

Para recompilar toda a información e aloxar todos os proxectos dos Departamentos e as actividades propostas pola biblioteca, se decidiu crear un [blog](#).

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

- [Calendario](#) de realización do proxecto e reserva da biblioteca.
- Modelo de fichas cos datos solicitados aos departamentos: [resumo do proxecto](#), [contidos curriculares](#), [criterios de avaliación](#), [estándares de aprendizaxe e competencias clave](#) e [fontes de consulta](#).
- Carteis publicitarios.
- Notas informativas.
- Bases para o concurso [Un invento, unha historia](#).
- Presentación [Descubre os inventos](#).
- [Descubre ás mulleres](#).
- Concurso [Descubre ás mulleres](#).
- Presentación para conmemorar o [Día Internacional da muller e da nena na ciencia](#).
- [Investigadoras en defensa da igualdade](#).
- [Descubre ás mulleres na música](#).
- [Descubre ás mulleres nas artes](#).
- [Descubre a literatura](#)
- [Bases](#), [carteis publicitarios](#) e [probos](#) para o concurso DescuBinventos.
- [Ti colaboras, Ti investigas](#) (xustificación, obxectivos, actividades previstas)
- [Día Internacional contra a Homofobia, Bifobia e Transfobia](#).

5. RELACIÓN DE TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO

- Murais informativos dos distintos temas abordados nos Departamentos.
- Debuxo da imprenta de Gutenberg, en diferentes técnicas gráfico-plásticas.
- Retratos de Gutenberg en plumilla e tinta chinesa.

- Maquetas: dobre hélice do ADN, planisferio cos descubrimentos e inventos analizados, máquina medidora dos raios UV, porta corrediza coa pegada do dedo, reprodución de inventos do mundo do deporte.
- Letras en barro co abecedario en estilo gótico, simulando os tipos da imprenta de Gutenberg.
- Glosario de inventos da vida cotiá e recreación literaria dos mesmos.
- Xogo didáctico con scratch sobre a historia dos descubrimentos e avances da medicina.
- Gravación de vídeos.
- Presentacións en power point como *Inventos e Inventores na mitoloxía grega*.
- Creación de muros en padlet para expor a información realizada.
- Composición dun concerto de música electroacústica, utilizando os sons da biblioteca.
- Elaboración de liñas do tempo en Tiki-Toki e Timeline.
- Exposición de inventos: *Navegando no tempo*.

Todas estas tarefas pódense consultar nas pestanas dos Departamentos que se crearon no [blog](#).

6. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES DE CONSULTA

Todas as tarefas, nas que se implicaron os Departamentos, realizáronse en parte ou na súa totalidade na biblioteca, xa que o traballo colaborativo neste espazo é un requisito imprescindible para o desenvolvemento dos proxectos. A biblioteca convértese, polo tanto, no punto de información, no lugar de creación, e, tamén, no escenario de representación e de divulgación dos produtos finais e da documentación elaborada. Para isto, ofrece recursos informáticos, material audiovisual, todo tipo de material para a elaboración dos murais e exposicións (cartolinas, rotuladores, acuarelas, lapis, teas, etc.) e fontes de consulta, tanto webs como libros. Para difundir a [bibliografía](#) creouse un blog cos títulos existentes e as novas adquisicións.

Ademais, os Departamentos utilizaron as súas propias fontes de consulta que aparecen recollidas en cada unha das pestanas do [blog](#).

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A participación do profesorado e alumnado foi maioritaria no desenvolvemento dos distintos aspectos do proxecto.

Nas actividades propostas pola biblioteca implicáronse dinamizacións como Normalización Lingüística, que elaborou unha das probas do concurso DescuBinventos. Tamén o profesorado coordinador das TICs nos ofreceu o seu apoio e axuda en diversas tarefas como a creación do blog. Non podemos esquecer aos titores e titoras que facían chegar aos seus titorandos a documentación elaborada polo Equipo e utilizaban na clase algunhas presentacións con motivo de conmemoracións como o Día Internacional da Muller Traballadora, etc.

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A principal canle de difusión dos traballos foi o [blog da biblioteca](#) e o [blog, Descubrimentos e Inventos](#). A [Burbulla Cultural](#), recuncho de expresión do alumnado e profesorado nun recreo semanal, serviu para dar a coñecer algunha das tarefas realizadas. Tamén difundiamos, nas redes sociais vinculadas ao centro, as actividades nas que podía participar o alumnado.

A biblioteca, os corredores, vestíbulo e escaleiras convertéronse en *salas de exposición* dos traballos realizados. Así, profesorado, alumnado, persoal non docente e familias foron coñecedoras de como ía evolucionando o proxecto.

O Claustro, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Consello Escolar sempre tiveron un punto na orde do día relacionado coa biblioteca, cando así o solicitabamos.

9. AVALIACIÓN

Cada Departamento avaliou os temas elixidos dentro do proxecto mediante rúbricas ou atribuíndolle unha porcentaxe da cualificación total.

A biblioteca avaliou o proxecto, en conxunto, mediante unha [rúbrica](#). A valoración é moi positiva, xa que o noso principal obxectivo era contar cun grao de participación alto e isto, conseguímolos. A variedade dos produtos finais foi maior que a do curso pasado e cremos que, en xeral, houbo unha maior preocupación á hora de elaboralos.

Polo tanto, pensamos que a elección do tema foi acertada, porque nos permitiu dar a coñecer a orixe, evolución e importancia dos descubrimentos e inventos na actualidade; traballalos desde diferentes enfoques; reflexionar sobre como sería a nosa vida sen todos estes instrumentos e avances; coñecer ás persoas que, ao longo da historia, fixeron a nosa vida máis sinxela e cómoda e, sobre todo, visibilizar o traballo das mulleres, tantas veces descoñecido pero cuxa contribución foi e é imprescindible para o desenvolvemento da sociedade.

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca é a coordinadora do Proxecto Documental Integrado e, como tal, o *laboratorio*, no que xorden todas as ideas, e o *motor* que trata de levalas a cabo, tecendo as redes necesarias para a súa execución. As súas funcións son as seguintes:

- Elixir o tema do proxecto entre as posibles suxestións dos Departamentos e as ideas do Equipo.
- Informar do proxecto na súa totalidade (xustificación, obxectivos, desenvolvemento,...) a todos os membros da comunidade educativa.
- Coordinar os traballos dos Departamentos, ofrecendo suxestións de temas a tratar, elaborando un calendario de reserva da biblioteca e aportando os recursos necesarios, tanto informativos como materiais para a creación dos murais, exposicións, etc.
- Promover a implicación do profesorado e alumnado con campañas informativas.
- Ser o lugar de traballo para desenvolver as distintas tarefas na súa totalidade ou, alomenos, en parte.
- Diseñar actividades e documentos relacionados co proxecto.
- Divulgar todas as actividades e os traballos desenvolvidos.
- Contactar con persoas que poidan contribuír á formación do alumnado nalgún dos aspectos investigados.
- Recoñecer e valorar a implicación do profesorado e alumnado.